

A COMEDIA GREGA

- A diferenza da traxedia, a comedia non toma os seus temas do mito heroico, aínda que os poida usar para aludir metaforicamente ó mundo presente.
- O comediógrafo inventa o asunto, a trama e os personaxes, coa finalidade de facer rir ó público.
- Representa situacións humanas, moitas veces tomadas da vida cotiá, e reflicte feitos relacionados cun momento político e social recoñecible polo público.
- Críticase unha situación ben coñecida polos espectadores daquela época a través da risa e da burla.

Aristófanes

- É o principal representante deste tipo de comedia, coñecida como Comedia antiga.
- Algunhas das súas ideas máis importantes deste autor son:
- O pacifismo como demostra en *Acarñenses*, *A Paz*, *Lisístrata* e, en xeral, trata de facer ver ó seu pobo a necesidade dunha paz prolongada.
- A estima polos valores tradicionais e a crítica as correntes modernas tanto no pensamento como nos gustos estéticos.
- A crítica social sobre individuos concretos, personaxes e situacións da realidade contemporánea (delator, demagogo) ou intemporal (vella rica cun amante mozo...) ou determinados vicios da sociedade ateniense (materialismo, cobiza...)
- A grande aceptación da que gozou indica o grao de liberdade de expresión que había nesta democracia.

Menandro

- A comedia grega posterior a Aristófanes é a que chamamos comedia nova, escrita ó longo do século IV a.C. e que ten como principal representante a Menandro.
- A comedia que realmente influíu en Europa, en Molière sobre todo, é a comedia latina de Plauto e Terencio (s. II a.C.): e esta, á súa vez, imita a comedia de Menandro.
- A temática principal é o amor e as probas que superan os namorados para veren conseguidos os seus desexos.
- O autor crea ou inventa uns personaxes e tipifícaos a partir duns trazos; o parásito ou alcaiole, os escravos intrigantes...